

CUESTIONARIO POÉTICO SOBRE O XARDÍN DO LEIRAS



A que poeta lle dedican o carballo? Quen se chama Carballo?

A que árbores lles chama Eduardo Pondal “os rumorosos”? De que che soa ese poema?

Que arbusto di un poeta que é moi lugués?

Que árbores están prisioneiras segundo Manuel María? Por que pensas que é así lendo os seus versos?

A que elementos da natureza se dirixe Manuel Rivas no seu poema, no que menciona a bidueira?

Que poeta dedica os seus versos ao castiñeiro?

Por que lle quere tanto Manuel María ao cedro?

De quen son irmáns os loureiros segundo Rosalía de Castro? Por que motivo?

Que poeta menciona a magnolia nos seus versos?

No poema ao carón da nogueira, Celso Emilio Ferreiro crea un símil? Localízao.

Que árbore menciona Olga Novo no seu poema? Que di dela?

A quen lle dedica Helena Villar Janeiro o poema da variña de abelaira?

Que IES lugués leva o nome do autor dos versos sobre as *roseiras de rosas roxas*?

Como e o sono de Luís Pimentel sobre a herba? A carón de que recendente flor está?

